



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 2

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria **27 de novembro de 2012**

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único.- Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Ábrese a sesión ás nove e trinta minutos da mañá.

Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Punto único da orde do día.)

O señor secretario da Mesa do Parlamento (Balseiro Orol) le a Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 24 de novembro de 2012 relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia. (Páx. 3.)

O señor candidato a presidente da Xunta de Galicia, o señor Núñez Feijóo, expón o seu programa de goberno. (Páx. 3.)

Suspéndese a sesión ás once e oito minutos da mañá.

Ábrese a sesión ás nove e trinta minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días.

Damos comezo á sesión de investidura do presidente da Xunta de Galicia. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 3, do 24 de novembro de 2012. Non se xustificaron inasistencias e, por tanto, entramos na orde do día, que consta dun punto único, que é a proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de acordo cos artigos 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e 136 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia

A señora PRESIDENTA: Prégolle ao señor secretario que dea lectura á Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 24 de novembro de 2012, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* número 3, do 24 de novembro de 2012.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 24 de novembro de 2012, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia

Presidencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no punto 3.º do artigo 15, establece a obriga da Presidencia do Parlamento de iniciar as correspondentes consultas coas forzas políticas representadas na Cámara co obxecto de formular a proposta dun candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e dos artigos 16 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e 136, no seu punto 1.º, do Regulamento do Parlamento de Galicia, logo de consultar as forzas políticas con representación no Parlamento e oída a Mesa, a Presidencia proponlle á Cámara como candidato á Presi-

dencia da Xunta de Galicia o deputado D. Alberto Núñez Feijóo.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2012

Pilar Rojo Nogueira
Presidenta

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, secretario.

Ten, entón, a palabra o candidato para a exposición do seu programa.

Ten a palabra.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Presidenta, señoras e señores deputados, autoridades presentes, galegos e galegas.

A historia de Galicia é a historia do éxito colectivo dun pobo. Durante os séculos de existencia do noso país moitos outros esmoreceron deixando só unha lembranza da súa existencia. Culturas e linguas tan antigas como a nosa non puideron resistir os embates do tempo e foron borradas sen que quedara máis que un vestixio. Pero Galicia pervive. Nunca se apagou o lume da galeguidade. En todas as épocas históricas houbo sempre galegos bos capaces de mantelo aceso, e galegos xenerosos que entregaron o mellor de si para que a súa terra seguira viva. Grazas a eles, estamos aquí, somos o que somos e sentímonos capaces de marcar o noso propio destino. Grazas a eles, Galicia é unha comunidade democrática e dona de si.

Hoxe cómpre recoller o exemplo de tantos galegos que fixeron posible ese éxito histórico chamado Galicia, para afrontar unha situación difícil que nos obriga a lembrar cal foi o impulso que nos levou a loitar polo autogoberno.

Cando o fixemos, sabiamos que non ía servir soamente para administrar a bonanza, senón tamén para xestionar os problemas. Sabiamos que a autonomía non era unha fórmula máxica para disipar os atrancos, senón unha ferramenta para afrontalos mellor e á nosa maneira. O autogoberno, en suma, proporcionábanos dereitos e tamén responsabilidades.

A sociedade galega estase enfrontando con responsabilidade á crise. Hai un mérito colectivo na nosa capacidade para adiantarnos ás reformas e poñer en marcha axustes difíciles, pero menos dolorosos que noutras comunidades.

Non houbo na acción do Goberno mellor inspiración que a que proporcionaron todos os cidadáns na loita cotiá. Foron eles os que nos transmitiron a mensaxe de que a mellor rebeldía era o traballo serio, a solidariedade, a capacidade para formar entre todos un gran equipo.

Ese éxito histórico do que somos protagonistas renóvase coa crise. Porque agora tamén vemos ao noso redor pobos que sofren as consecuencias de negar unha realidade que era evidente, e outros que se ven sometidos a aventuras políticas que se afastan da estabilidade e do benestar.

Nós marcamos e seguimos o noso propio camiño, e ese camiño lévanos a un lugar seguro. Cómpre manter o ritmo, sabendo que estamos a piques de iniciar unha nova etapa que nos leve da austeridade e do rigor ao crecemento. Falo dun novo rexurdir de Galicia, que sexa no século XXI a versión social e económica do que foi o Rexurdimento cultural do século XIX.

Un dos piares está posto: é a solvencia, a solvencia da nosa comunidade. Sobre ese piar temos que edificar unha Galicia competitiva, aberta de par en par á innovación e ao investimento e capaz de atopar mercados en todos os lugares do mundo.

E outro requisito que vai posibilitar ese paso adiante é a estabilidade. Sabemos onde estamos e sabemos o que somos. Estamos en Europa e somos Europa. Estamos en España e somos España; e todo isto porque estamos e somos Galicia. Somos españois e europeos porque queremos libremente selo e porque sabemos que, malia todos os problemas, España e Europa representan hoxe espazos de liberdade e progreso que serven de modelo a nacións da terra que carecen dunha e do outro.

Non haberá, pois, sobresaltos nin sorpresas cando o que é preciso son avances.

Galicia vai practicar, como sempre fixo, un galeguismo fiel ao seu Estatuto de autonomía e leal aos principios da Unión

Europea e á Constitución española, pero sen menoscabo da defensa dos seus dereitos en políticas específicas ou en materia de financiamento.

Seremos en todo momento activos, críticos, cando sexa preciso, e sempre leais aos nosos intereses xerais, comezando polos galegos e as galegas. Velai os fundamentos para que Galicia rexurda, que irei relatando nesta intervención e para o que solicito o apoio desta Cámara. *(Aplausos.)*

Señorías, pídolles a súa confianza por Galicia e pídolles a súa confianza para Galicia.

Foi Galicia a que, co seu respaldo maioritario, me ten concedido por segunda vez a honra de estar aquí, optando de novo a presidir esta terra; pero pídolles o seu apoio máis alá da maioría que representa a miña intervención. Pídolles o seu apoio porque con esta candidatura non só aspiro a que Galicia poida seguir contando cun Goberno estable e coa máxima determinación de superar canto antes a crise económica, senón que tamén aspiro a un Parlamento que por completo se sume a este propósito que a todos nos debe ser común.

Os 270.000 galegos e galegas que queren traballar e non poden esperar de todos nós unha resposta que estea á altura das dificultades que están a padecer. Quero que sexan eles os primeiros aos que me dirixo nesta intervención.

Sei que cumprir as súas expectativas non é simplemente tentalo, é conseguilo. Sei que para un desempregado non é un consolo saber que faremos todo o posible para derrotar o paro, agarda que o fagamos. E por iso quero dicirlles que todas as nosas enerxías e todas as propostas que lles expoñerei ao longo desta intervención van destinadas a este drama que hoxe vivimos, para poder comezar a deixalo atrás ao final da lexislatura.

Creo que todos compartimos este mesmo obxectivo, e por iso non esperen de min que busque inimigos, inimigos nin en España, nin en comunidades autónomas, nin tampouco na oposición.

O único inimigo da nosa terra é a desesperanza, o único adversario do meu goberno serán os problemas que viven os galegos, e a maior ofensiva que vai lanzar Galicia, se son

investido presidente da Xunta, dirixírase contra o paro e contra a crise económica.

Gustaríame contar co seu apoio, se non nas votacións que terán lugar estes dous días, si durante estes anos.

Dixen en campaña electoral que eu non me presentaba contra ninguén. Digo agora, neste Parlamento e ante os diferentes representantes dos cidadáns, que o meu compromiso é gobernar para todos. *(Aplausos.)*

Señorías, será un goberno para todos sustentado nunha maioría máis ampla, a que as galegas e os galegos outogaron nas eleccións ao partido que represento e que ten reflexo nos 41 escanos do Grupo Parlamentario Popular, fronte aos 38 da pasada lexislatura.

Non é un dato menor que nun escenario de extraordinarias dificultades, que se ten levado por diante a gobernos de todo signo político –como vimos o mesmo 21 de outubro en Euskadi– ou que ten reducido considerablemente o seu apoio –como ocorreu hai corenta e oito horas en Cataluña–, Galicia non só mantivo senón que incrementou a súa confianza naqueles que tivemos as responsabilidades de gobernar a nosa terra na lexislatura que acabamos de rematar.

Quixera agradecer desde esta tribuna o apoio das galegas e os galegos e a súa comprensión, porque, máis alá de acertos ou de erros, valoraron o esforzo e o compromiso da Xunta na pasada lexislatura.

Son consciente de que esta maioría non sería posible sen contar co apoio das mulleres e homes que sofren directamente as consecuencias da crise ou que se viron afectados en primeira persoa por decisións forzadas pola caída dos recursos públicos.

Contra o que moitas veces se ten dito ou se ten empregado como escusa, a crise non cambia gobernos. Son os cidadáns os que deciden cambialos, mantelos, debilitalos ou, como neste caso, reforzalos segundo entenden que responden ante ela.

Non vou cometer o erro de interpretar que os cidadáns ampliaron a súa confianza no noso proxecto político porque nel soamente viron acertos. Non hai espazo para a compra-

ncia, pero si para a autocrítica; para ser conscientes de que son moitos os problemas que persisten, de que hai obxectivos que non se alcanzaron e de que cada día hai percorrido para mellorar.

Non prometemos imposibles, pero si facer todo o posible. Antepuxemos a verdade, por dura que fora, á ocultación, ao disimulo ou á demagogia. Tentamos xestionar a realidade en lugar de buscar vías de escape. Non acadamos todos os nosos obxectivos, pero sempre o tentamos desde o que entendiamos que era o interese xeral. E gobernamos, e decidimos, e os galegos déronnos o seu apoio.

Cabe preguntarse como se explica esa alianza maioritaria entre Galicia e o Partido Popular de Galicia. E eu resumiríao dicindo que Galicia non é do PP, senón que o PP é de Galicia. A nosa coalición coas galegas e os galegos eu quero dicirlles que está aberta a todos, tamén a vostedes. *(Aplausos.)*

Señorías, Galicia é de si mesma, e esa Galicia non só decidiu que neste Parlamento houbera unha maioría máis ampla senón que ampliou a diversidade, a diversidade de forzas políticas con representación na Cámara. Á marxe doutras razóns alleas ao interese xeral que poden explicalo, eu quero propoñerlles que interpretemos axeitadamente esa mensaxe da cidadanía. Do mesmo xeito que a maioría absoluta do Partido Popular non é un cheque en branco, tampouco a maior división da oposición debe traducirse nunha maior confrontación. Os galegos propoñémonos que haxa máis intervencións, que haxa máis matices, que haxa máis achegas, máis combinacións para os acordos, pero non que haxa máis obstáculos.

Quero insistir niso, porque creo que todos os partidos deberíamos ter presente o distanciamento que desde hai tempo se está a producir entre a sociedade española e os seus políticos, e que aquí poderíamos ligalo ao 36 % de galegos e galegas que decidiron non exercer o seu dereito ao voto o pasado 21 de outubro. Aínda que é certo que este dato non se afasta da media histórica de participación das eleccións autonómicas, sería unha equivocación consideralo irrelevante.

Evidentemente, non todos os políticos temos a mesma cota de responsabilidade, pero a necesidade de darlle a volta si

que recae sobre todos nós. A política necesita tamén facer autocrítica, e ten que facelo actuando.

Ao tempo que está tendo lugar este debate, miles de parados galegos están a tentar un emprego. Os que o teñen esforzándose por dar o mellor de si mesmos para mantelo. Hai emprendedores abrindo portas para non ter que pechar o seu negocio. Mozas e mozos están formándose e buscando un camiño no que desenvolver proxectos profesionais. E os maiores, os maiores fan contas para vivir e, se lles é posible, axudar o resto da súa familia. Os cidadáns están a cumprir a súa parte, e por iso despois esperan e esixen con toda lexitimidade que nós cumpramos coa nosa e lles deamos respostas.

A primeira resposta é a verdade. É a primeira obriga dun político e é o primeiro dereito dun cidadán, a verdade da situación na que estamos e a verdade do único camiño posible que temos para saír dela. Porque, señorías, non esquezamos que moitas das dificultades que sofren hoxe os cidadáns son en gran medida froito dun enorme engano. Primeiro fíxoselles crer que a prosperidade de España era infinita no tempo e en recursos públicos, despois ocultóuselles deliberadamente a crise económica cando esta comezou e, finalmente, propagouse a idea de que todo podería solucionarse con inxeccións de diñeiro público do que carecíamos.

Fronte a aquela temeridade, eu vou seguir dicíndolles a verdade aos galegos custe o que custe, porque o contrario ten aínda un prezo maior para os propios cidadáns. Ninguén cuestiona que a situación de Galicia, como unha parte de España, que está nunha profunda crise, segue sendo mala. Pero convén facer tres precisións:

A primeira é que os distintos organismos nacionais e internacionais coinciden en que, despois dun ano 13 que será moi difícil, aínda cun aumento máis leve do desemprego e coa caída do produto interior bruto, a partir do ano 15 poderán empezar a concretarse os primeiros datos positivos; previsións que, en todo caso, debemos recoller con cautela.

Tamén convén subliñar que Galicia logrou nos últimos anos manter os principais indicadores en mellor situación que a media nacional, e logrou blindar os servizos públicos esenciais contra as dificultades, fronte a outras partes de España nas que se están a resentir en maior medida.

E, por último, que a nosa comunidade, ao ser a primeira en enfrontarse á crise, ten unha vantaxe comparativa tamén de cara ao futuro, para encarar primeiro a recuperación.

Estas tres circunstancias permítenos concluír que Galicia volverá ser a autonomía con menos axustes o próximo ano, que Galicia está en mellores condicións para ser das primeiras en saír da crise e que en Galicia será, por fin, a lexislatura na que se volverá falar de crecemento. Se ben, será preciso seguir traballando nunha transición económica, nos dous primeiros anos, cara a este obxectivo.

Señorías, non hai marcha atrás, Galicia só pode avanzar e mirar cara a adiante. Podemos rexurdir, se nolo propoñemos, e podemos acadalo, pero o camiño ata logralo non será sinxelo. Certamente, non resultou sinxelo recoñecer que os recursos públicos son insuficientes. Non resultou sinxelo explicar que hai que pagar o que outros deixaron a deber. Non resultou sinxelo reducir por primeira vez na historia todos os orzamentos dunha lexislatura da Xunta. Non resultou sinxelo priorizar o que é importante e reservar o que ten que esperar. Non resultou sinxelo recoñecerse parte dunha España en recesión.

Non resultou sinxelo, pero as galegas e os galegos non nos elixiron para facer o fácil senón para facer o necesario e actuar de xeito responsable.

O noso compromiso coa verdade permítenos dicir que nos últimos anos alcanzamos a estabilidade necesaria para chegar á meta desexada nesta nova lexislatura. Temos unhas contas públicas ordenadas e somos unha comunidade autónoma solvente. Pero o noso compromiso coa verdade tamén nos obriga a dicir que contamos con incertezas ás que haberá que facer fronte, como é a actual situación do proxecto europeo, o feito de que deixemos de ser obxectivo 1 da Unión, o sistema de financiamento autonómico e a situación do sistema financeiro.

Fronte a outras entelequias que as circunstancias e as débedas acabaron por tombar definitivamente, Galicia iniciou hai case catro anos un camiño alternativo, antes ca ninguén. E precisamente esa anticipación dotounos de dúas fortalezas adicionais para esta lexislatura.

En primeiro lugar, ter unhas contas públicas ordenadas. É unha fortaleza saber que non haberá sorpresas nas contas

públicas. Ningún dos membros do Goberno que tomen posesión a próxima semana vivirá a desagradable experiencia de atoparse con imprevistos nos caixóns, buratos ocultos ou con problemas dos que ninguén os informou. É o mínimo esixible a calquera gobernante responsable, pero lamentablemente non sempre ten sucedido.

Quero, neste punto, recoñecer o papel das doce persoas –dez primeiro e oito despois– que foron membros do Goberno galego na pasada lexislatura, a maioría dos cales hoxe están aquí. Gobernaron Galicia no momento máis complexo e, por moi grandes que foran as dificultades, todos os días cumpriron co seu deber, e o seu legado nas áreas que ocuparon é hoxe orde, rigor, planificación e responsabilidade. *(Aplausos.)*

Desta actuación responsable vén unha segunda fortaleza que nos permite iniciar esta lexislatura sen unha sobrecarga que, porén, está a lastrar de forma durísima a outras comunidades. Galicia é a autonomía con menos déficit e Galicia é a autonomía máis solvente de España.

Señorías, Galicia cumpriu coas súas obrigas orzamentarias en 2009, repetiuno no 2010, volveu facelo en 2011 e novamente espero que o volva acadar no 2012. ¿Que nos moveu entón a preservar a solvencia de Galicia? O modelo dos galegos. O modelo de cidadáns esforzados que non gastan por riba das súas posibilidades e que, antes de iniciar novos gastos, valoran se teñen capacidade para afrontalos e ademais pagar o que deben. Un comportamento racional que parte da lóxica de que, se non controlas as túas débedas, esas débedas acabarán por controlarte a ti, como finalmente sucedeu noutras partes de España.

Por iso penso que Galicia pode sentirse orgullosa de afrontar o problema do déficit, e de facelo antes que en ningunha outra parte, porque partiu do seu propio modo de ser e partiu do seu propio modo de actuar. E quero dicirlles que Galicia pode ter a absoluta seguridade de que, mentres sexa presidente, seguirei loitando por blindar a solvencia da nosa terra, e por varias razóns:

En primeiro lugar pola nosa propia autonomía e, por suposto, sobre todo, polos cidadáns, polos cidadáns aos que nos debemos, os mesmos que nos serven de exemplo, para evitar que a irresponsabilidade no gasto provoque que se teña

que cargar precisamente sobre eles a mala administración dos recursos que saen do seu esforzo.

Cando os cidadáns din que eles non viviron por riba das súas posibilidades, é certo. Cando os cidadáns din que eles non gastaron máis do que tiñan, é certo. Cando din que non é xusto que caia sobre eles o peso dunha débeda que non xeraron, é certo. É certo, non foron eles pero foi co seu diñeiro. Foi co seu diñeiro e por iso eu me empeño en administrar as contas públicas con rigor e con responsabilidade e tentar facer de Galicia unha comunidade que controla as súas contas, é dicir, que é solvente. *(Aplausos.)*

Ser solvente, señorías, permítenos seguir despexando o risco da perda de autonomía, de ter que recorrer á axuda do Estado, como están facendo outras comunidades, coas consecuencias que isto supón, para facer fronte ás nosas propias responsabilidades. Dos 50.000 millóns de euros que o Goberno de España puxo á disposición das comunidades a través do fondo de pago a provedores e a través do fondo de liquidez autonómico, Galicia solicitou cero euros na pasada lexislatura;

Ser solventes permítenos facer fronte aos nosos pagos en mellores condicións e prazo que a medida das comunidades autónomas. Situámonos no entorno medio de 40-50 días, e o obxectivo é rematar a lexislatura próxima manténdonos entre as comunidades que mellor pagan do Estado autonómico.

Ser solventes permítenos seguir financiándonos sen sobresaltos. Como exemplo disto, quero comunicarlles que Galicia completou nos últimos días todo o seu programa de endebedamento para este ano 2012. A única comunidade de España que logrou o cen por cento do que necesita para financiarse.

Mentres hai comunidades que teñen pechado a cal e canto a billa dos mercados, o rigor co que temos traballado nos últimos anos permite que a confianza en Galicia permaneza, e que nos esteamos financiando en mellores condicións e sen recorrer a instrumentos de axuda do Estado. Xa lles adianto que para que esa confianza se manteña non só seguiremos mantendo a débeda de Galicia por debaixo da media nacional, como logramos na pasada lexislatura por primeira vez na historia de Galicia, senón que o noso obxectivo pasa

tamén por ir reducindo progresivamente os niveis de endebedamento.

Galicia non é soamente a comunidade máis solvente de España, senón que isto nos converte tamén na máis autónoma, na máis autónoma por ter unha menor dependencia do Estado e da nosa propia débeda.

Pero ser solventes e controlar as contas públicas tamén nos permite ter que acometer axustes menos drásticos que outras comunidades, e poder seguir mantendo, e mesmo incrementando, as prestacións públicas dos cidadáns no balance da próxima lexislatura.

Evitamos peches en centros sanitarios, como hai noutras comunidades autónomas, e, no canto diso, podemos construír hospitais públicos e centros de saúde; por exemplo, o maior hospital público que se está a construír en España, como o Hospital Público Metropolitano de Vigo.

Evitamos a suba das taxas universitarias na primeira matrícula, e seguen sendo as máis baratas de España. E aumentamos os ciclos e posibilidades na formación profesional.

Evitamos incrementar a ratio de alumnos por aula no ensino público, e somos unha das tres comunidades autónomas con máis profesores por estudante.

E evitamos a redución das prazas públicas de servizos sociais para pagar os intereses da débeda como outras comunidades. E, no canto diso, trataremos de repetir o obxectivo de crear 6.000 novas prazas públicas de garderías, de centros de día e de residencia para maiores. (*Aplausos.*)

Sen dúbida, nun momento de tanta incerteza económica como a que vivimos é importante aportar estabilidade desde as contas públicas como a acadada durante a pasada lexislatura, pero isto non significa, lamentablemente, que os próximos anos vaian estar exentos de condicionantes, que van máis aló de nós mesmos pero que precisan da nosa implicación.

Quero comentarlles, na miña opinión, os catro condicionantes máis importantes.

O primeiro deles é a situación de Europa, onde o único seguro neste momento é a incerteza. Existe unha infinidade de

problemas que ameazan a arquitectura da alianza europea e que, por moi afastados que nos parezan, teñen unha incidencia directa na economía española e, por tanto, tamén na economía galega.

O futuro de Galicia está ligado, en boa medida, ás reformas que se teñen iniciado en España para tentar afrontar a difícil situación deste momento e para tratar de eliminar a posibilidade do rescate da nación española. Pero máis aló disto, tamén depende de como se resolvan as inseguridades do vello continente, e nese sentido eu albeigo a esperanza de que os actuais responsables da Unión reaccionen por fin para converterse en líderes dun renacemento de Europa e non en responsables do ocaso europeo.

Como lles digo, o futuro de Europa condicionáanos en innumerables ámbitos, desde o marco normativo da agricultura, o marco normativo da pesca, ás regras bancarias. Un dos máis relevantes é o segundo aspecto ao que quero referirme, que é o próximo orzamento da Unión para o período 2014-2020.

É evidente que nos últimos anos logramos unha importante receptividade respecto do noso obxectivo de lograr un fondo de transición para as rexións europeas que, como no caso de Galicia, deixaremos de ser obxectivo preferente das políticas de cohesión europea. Dentro da nación española, é unánime o apoio neste punto, como se viu na pasada Conferencia de Presidentes. Fóra de España tamén contamos coa compañía doutras rexións nunha situación similar, como algúns *länder* alemáns, e co respaldo dos principais organismos europeos, como a Comisión Europea.

Pero lonxe de relaxarnos ante os avances logrados na pasada lexislatura, é o próximo ano 2013, na recta final das negociacións, cando temos que redobrar os esforzos, posto que, neste momento de recesión na eurozona, o futuro e a intensidade dos fondos europeos para Galicia está nunha situación de serio risco.

E nese sentido, a miña intención é propoñer a creación dun foro autonómico entre o Goberno central e as comunidades que deixamos de ser obxectivo 1 da Unión –Andalucía, Castela-A Mancha e Galicia–, que nos permita unha coordinación permanente e unidade de acción en tres frentes: a curto prazo, para a creación efectiva desa rede de seguridade que garanta a

maior porcentaxe posible de fondos que vimos percibindo actualmente; a medio prazo, para que se lles dea máis peso ás alianzas interrexionais nos fondos europeos, tal e como contempla a previsión da Comisión de aumentar o 30 % os recursos para a cooperación territorial, e unha vez aprobado o presuposto europeo, para que se formulen no ámbito do Estado unha visión dos criterios, unha revisión dos criterios de distribución do Fondo de Compensación Interterritorial, de xeito que tamén a nivel nacional se fixe unha compensación transitoria proporcional para as comunidades afectadas pola perda dos fondos europeos (*Aplausos*.) Este último aspecto está directamente relacionado cunha terceira cuestión, que é o modelo de financiamento autonómico e que o Goberno central xa avanzou que pode mudar durante o seu mandato.

Señorías, somos moitas as comunidades que consideramos inxusto o modelo actual, no momento no que se aprobou, rompendo un acordo xeral que existía con anterioridade e que aínda por riba foi incumprido na súa aplicación. Por iso a primeira proposta de Galicia neste eido vai ser que se devolva o protagonismo a quen corresponde, tanto na súa configuración como no seu destinatario.

Solicitaremos que o Consello de Política Fiscal e Financeira asuma o temón da elaboración do novo modelo, porque nun asunto que afecta a todas as comunidades, todas as comunidades debemos participar. O proceso de revisión ha de consistir en botar contas para garantir os servizos públicos dos cidadáns no futuro e non só para facer cálculos parlamentarios, como ocorreu no pasado.

Creemos que debemos recuperar o obxectivo real de financiamento autonómico, que non é un diñeiro que vai parar aos gobernos das comunidades sen máis, é un diñeiro que vai directamente aos servizos públicos dos cidadáns, que é o que xestionamos nas comunidades autónomas.

Con esa convicción, Galicia remitirá ao Goberno central nos próximos meses un estudo no que se especifique o gasto no que incorre a nosa comunidade por cada servizo que presta, e no que xa lles adianto que haberá dúas propostas de especial relevancia para as comunidades damnificadas polo modelo actual.

Por un lado, reforzar os instrumentos para unha maior cohesión e converxencia interna dentro de España –como xa lles

comentei–, cun maior peso de criterios que condicionan de forma moi intensa e de forma obxectiva e demostrable a prestación de servizos en Galicia, como é a dispersión e o avellentamento da poboación.

E, por outro, buscar fórmulas que proporcionen ás autonomías unha maior certeza financeira, como pode ser a fixación dun solo plurianual que permita financiar proxectos a medio prazo.

Señorías, a situación de Europa, a asignación de fondos europeos e o futuro modelo de financiamento autonómico son tres aspectos que condicionan sen dúbida a economía de Galicia.

Pero hai un cuarto, hai un cuarto que tamén ten unha relevancia esencial, que é a situación financeira en España, con carácter xeral, e en Galicia de forma máis concreta.

Galicia ten investido moitos esforzos en manter unha entidade financeira de referencia na nosa terra. Era necesario, era necesario tendo en conta que deste asunto depende o acceso que moitas familias e emprendedores poidan ter á liquidez necesaria para os seus proxectos e as súas esperanzas.

Ten sido un proceso angosto, cheo de dificultades e incluso de deslealdades, tanto dentro como fóra de Galicia. É evidente que as múltiples reformas efectuadas neste ámbito, algunhas delas completamente contraditorias entre si, debilitaron o sector bancario en Galicia, como así ocorreu no conxunto de España. Mesmo o Banco de España acreditou a solvencia de entidades que pouco despois se viron en importantes dificultades. A isto tampouco contribuíu a xestión das caixas de aforro, manifestamente irresponsable en determinados casos, tamén no caso galego.

Pero, no medio deste proceso, a nosa terra logrou dúas cousas importantes: a primeira delas é que a aspiración de contar cunha entidade vinculada a Galicia segue vixente. Galicia ten resistido ata agora a unha tormenta financeira que se levou por diante outros proxectos na maior parte das comunidades autónomas de España. E o certo é que a día de hoxe mantemos a posibilidade dun banco radicado en Galicia que conte cun plan de recapitalización aprobado por Bruxelas, que lle permita seguir sendo unha entidade coa súa sede

social en Galicia e co seu compromiso prioritario nos intereses dos galegos, namentres a maior parte das entidades noutras comunidades autónomas diluíronse.

Se isto ten sido posible ata agora, é porque Galicia creu nas súas posibilidades, como houbo investidores que creron nun proxecto financeiro de futuro para Galicia. Eles non son nin os responsables da mala xestión das caixas no pasado nin na pasividade do Banco de España, e por iso entendemos que é preciso, e é xusto, que se chegue a un acordo entre o FROB e os investidores, para que manteñan a súa participación na entidade financeira.

Neste novo escenario, como saben, a Administración autonómica perdeu a tutela financeira que tiña sobre as caixas tras o decreto estatal, que as converteu en bancos, pero poden ter a seguridade de que si imos tutelar, como fixemos ata agora, que se respecten os intereses de Galicia, dos emprendedores e das familias da nosa terra.

Por outra parte, hai un segundo aspecto relevante, que sen dúbida contribúe a despexar o difícil proceso que ten por diante, e que é deixar á marxe a patrimonialización e a politización do sector financeiro.

A actual dirección, conformada por novos profesionais, é un avance que resultou de utilidade, aínda que por desgraza permanecen importantes secuelas da xestión anterior. A máis dramática das secuelas, sen dúbida, afecta os miles de cidadáns que sufriron os abusos na comercialización das participacións preferentes e da débeda subordinada. É un problema de gran complexidade, pero desde logo o compromiso da Xunta con todos os que foron enganados segue en pé, e eu confío en que tamén se manteña a actitude responsable da entidade financeira, que xa permitiu a case 10.000 familiares ou 10.000 familias recuperar o seu diñeiro, ao redor de 200 millóns de euros, a través da arbitrase que impulsou o Goberno da Xunta.

Sen dúbida, o caso das preferentes ilustra con enorme dureza a irresponsabilidade que gobernou nos últimos anos as dúas caixas galegas, ocasionando demasiados riscos, investimentos dubiosos e immoralidades, como as indemnizacións dos ex directivos, sen que o órgano regulador e o supervisor actuara como tal. Proba disto é que non é exclusivo de Galicia o que nunca debeu suceder nas caixas de aforro.

Sempre fun partidario de que, á marxe do proceso xudicial en marcha, a xestión das caixas sexa obxecto dunha Comisión de investigación, e a tal efecto xa hai unha solicitude rexistrada polo Grupo Parlamentario Popular nesta Cámara. Pedín que se levase a cabo no momento máis axeitado, para non entorpecer o proxecto de recapitalización. Pois ben, chegou o momento. Este é o momento de investigar, de aclarar todo o que sexa preciso, de que se asuman as responsabilidades, pero sobre todo de que non se volvan repetir os erros da súas extintas caixas na nova entidade, na que está o aforro da maioría dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Señorías, hai enormes dificultades na situación que vive Galicia nos nosos días, pero tamén hai motivos para a esperanza e para crer que podemos saír adiante, como aludía no inicio da miña intervención. Cómpre facernos a pregunta de se estamos no camiño axeitado, e a resposta na miña opinión é que si, e así o compartiron as galegas e os galegos nas eleccións do pasado 21 de outubro.

A loita contra a crise é unha carreira de varias etapas. Podemos dicir que Galicia ten superado a primeira, que é recuperar a senda do rigor e da responsabilidade económica. Pois ben, sen abandonar ese rigor e esa responsabilidade, propóñome nesta lexislatura que recuperemos a senda do crecemento. Dito doutro xeito, trátase de seguir facendo esforzos para cumprir coas esixencias orzamentarias ata chegar –e incluso adiantarse– ao déficit cero, para que os galegos de hoxe poidamos vivir do que producimos, sen endebedar aos galegos de mañá, e poder así dedicar o 100 % dos recursos dos que dispoñemos a políticas que estimulen o crecemento económico e o benestar da nosa xente, desprendernos progresivamente da dependencia económica que nos ata ao pasado e que se chama déficit público, e poder investir soamente no futuro, e ese é o obxectivo.

Pese a esa dificultade histórica de acumular exercicio tras exercicio unha caída dos recursos públicos, as contas do próximo ano, e en maior medida as do ano 14, poden concibir-se como unha transición na que, sen abandonar a senda do rigor, podemos e debemos encamiñar a nosa política económica ao crecemento, tanto o que podemos xerar de forma directa a Xunta de Galicia como de modo especial a que debemos incentivar no ámbito privado.

Nesa transición cara ao crecemento, haberemos de cumprir desde xa nas contas do ano que vén cunha esixencia do défi-

cit das comunidades autónomas, acordado no Consello de Política Fiscal e Financeira, revalidado na Conferencia de Presidentes, un déficit do 0,7 %. Cando a obriga foi do 2,5, fomos unha das tres únicas comunidades que o fixemos; cando esta se reducía un 1,5, tamén nos situamos como a comunidade con menor déficit do Estado; e agora tamén volveremos cumprir cun obxectivo que nin Europa permite a España sobrepasar, nin España permitirá sobrepasar ás comunidades autónomas.

Todas e todos os novos membros do novo Goberno galego terán, no mesmo momento do seu nomeamento, a encomenda de traer a esta Cámara os presupostos para o ano 2013 no mesmo mes no que tomen posesión, é dicir, no mes de decembro. Neste sentido, a miña intención é que as contas para o vindeiro exercicio sexan autorizadas polo Consello da Xunta antes de que remate o ano. E para que poidan ser debatidas e aprobadas coa máxima celeridade, propóñolles que a tal efecto se habilite o mes de xaneiro neste Parlamento.

Unhas contas que –xa lles avanzo– serán consecuentes co teito de gasto aprobado en xullo por esta Cámara, e que suporán que Galicia volverá cumprir as esixencias do déficit, Galicia manterá a súa solvencia, Galicia blindará as súas prestacións públicas básicas, Galicia poderá seguir atenuando aquelas decisións nas que haxa marxe de manobra para as comunidades e Galicia porá en marcha novos instrumentos, novos instrumentos para transitar cara ao crecemento na nova lexislatura, coa creación dun fondo público de crecemento e cunha aposta ampliada e continua neste período para o emprendemento, a innovación e a internacionalización. *(Aplausos.)*

Señorías, os orzamentos de Galicia para o ano 13 incluírán un fondo para o crecemento, que terá tres características fundamentais: en primeiro lugar, centralizará e coordinará os principais investimentos produtivos e os principais instrumentos de dinamización económica da Xunta; en segundo lugar, quedará aberto, é dicir, poderá ser ampliado de forma proporcional ao incremento que se vaia rexistrando nos ingresos autonómicos; e, en terceiro lugar, será un fondo que consolide a filosofía coa que traballamos na pasada lexislatura para superar un lastre que Galicia arrastraba desde hai anos, e que España tamén reproduciu lamentablemente a través de proxectos como o coñecido Plan E; refirome a esa

crenza errónea de dirixir os recursos de forma irreflexiva e indiscriminada, sen reparar con detemento nin para que nin en que os investimos.

Fronte a iso, o fondo do que lles falo ten un obxectivo claro: lograr a creación de emprego neto nesta lexislatura, e ten prioridades xa determinadas, que é apostar por aqueles investimentos que verdadeiramente fagan competitivo o noso territorio, a nosa xente.

Nesa liña, pódolles adiantar que para a dotación deste fondo se primarán tres ámbitos fundamentais: en primeiro lugar, investimentos que contribúan ás principais reformas estruturais que precise a economía galega, de xeito concreto no lácteo e no forestal; en segundo lugar, infraestruturas que melloren a competitividade de Galicia, na mesma liña que temos feito na pasada lexislatura, priorizando os investimentos tecnolóxicos, os investimentos viarios, os investimentos sanitarios e hidráulicos; e, en terceiro lugar, incentivando a innovación e a exportación, dous eidos que seguirán sendo prioritarios na nosa estratexia económica, como deseguido lles expoñerei.

Señorías, aínda que o investimento público ten unha importancia esencial na recuperación, o obxectivo do crecemento non podemos fiálo exclusivamente á capacidade de gasto que teña o Goberno autonómico, como tampouco recae unilateralmente no resto das administracións. A clave da recuperación está na capacidade de fomentar a actividade emprendedora.

Galicia conta con moitas mulleres e homes emprendedores que xeran a diario riqueza e emprego na nosa terra e, convencido diso, a pasada lexislatura foi na que máis axudas –en forma de avais e préstamos– se deron aos emprendedores en Galicia; máis axudas na pasada lexislatura que en toda a historia da autonomía, e novos impulsos, como a creación por primeira vez dunha axuda para a contratación indefinida do primeiro traballador por parte dun autónomo. Sigo decidido, señorías, a continuar con este apoio.

Nese senso, tal e como eu mesmo me comprometín na pasada campaña electoral, un dos principais instrumentos co que nos imos dotar nesta lexislatura para apoiar o noso tecido produtivo será a Lei do emprendedor. Remitirémola a esta Cámara no seu primeiro período de sesións, aínda que

algunhas das medidas que nela se promoverán xa se van integrar nos orzamentos de 2013 para que poidan ser aplicadas no próximo exercicio. (*Aplausos.*) Haberá distintos instrumentos, entre os que me gustaría salienta os seis compromisos máis inmediatos: unha bolsa do emprendedor que permita a unha persoa traballar a tempo completo nun proxecto innovador e co apoio de mentores especializados; microcréditos que financien a posta en marcha de empresas e cubran os seus custos iniciais ata que xeren beneficios; combinar a fórmula coñecida como *business-angels* co capital risco público, de xeito que sexa máis sinxelo que un emprendedor que xa conte cun investimento privado poida complementalo con capital risco público; axuda durante un ano para o pago das cotas da Seguridade Social dos novos autónomos; ampliar as axudas xa existentes á contratación indefinida de ata tres traballadores por un autónomo; e, finalmente, o compromiso xa coñecido de incluír un paquete de incentivos que permitan favorecer a creación de empresas e de emprego en Galicia cunha selectiva redución dalgúns impostos, por exemplo: estender a dedución por investimentos en capital de entidades de nova creación aos mozos emprendedores, cunha nova dedución no IRPF do 20 % (cun límite de 4.000 euros); duplicar a dedución do IRPF ata o 20 % (cun límite de 8.000 euros) para as persoas que invistan en accións ou participacións de novas entidades ou de recente creación domiciliadas en Galicia; redución do 95 % da base imponible do imposto de sucesións e doazóns naquelas doazóns a fillos e descendentes dos cartos destinados á creación dunha empresa ou dun negocio, tendo en conta o patrimonio preexistente do donatario; e a dedución do 100 % no imposto de actos xurídicos tanto na transmisión de inmobles destinados a local comercial como nos préstamos para adquirilos. En suma, lograr que traballar por conta propia non signifique traballar só, senón que haxa garantías para os emprendedores de que ao seu carón estará o Goberno. (*Aplausos.*)

Na mesma liña de seguir apostando polas rebaixas selectivas de impostos, tamén as aplicaremos novamente ao imposto de transmisións patrimoniais e de actos xurídicos. Deste xeito, a adecuación que se fará deste tributo para equiparalo aos novos niveis de IVE, acompañarase de bonificacións en función da renda dos contribuíntes e de colectivos especialmente vulnerables neste momento, como os mozos. (*Aplausos.*) Precisamente aos máis novos gustaríame referirme neste punto da miña intervención. (*Aplausos.*)

Son consciente de que o drama do desemprego afecta a miles de persoas de moi diversa condición, pero o certo é que as cifras entre os máis novos son especialmente inasumibles, por máis que melloren a media estatal. Por iso, aspiro a que vexan na futura Lei do emprendedor un instrumento pensado tamén para os máis novos. O autoemprego non debe ser visto como a última saída. Para aqueles que teñan ideas por desenvolver pode ser a primeira. As grandes empresas coas que conta Galicia na actualidade naceron de ideas como as que hoxe poden ter as mozas e os mozos galegos, e queremos apoialos para que as poidan levar á práctica.

Apoiaremos as iniciativas emprendedoras desde o seu inicio, pero tamén na busca de novas oportunidades. A nosa aposta é intensificar a folla de ruta que temos trazado nesta lexislatura a través da innovación e a través da internacionalización.

Señorías, xa temos feito un esforzo inxente en materia de innovación, convencidos de que cada paso que damos é un paso que nos acerca ao futuro. Temos feito e imos seguir facendo un esforzo de planificación, a través da Axencia de Innovación ou do Plan I2C presentado na anterior lexislatura.

E temos feito e imos seguir facendo un esforzo en recursos materiais que agrupe arredor da innovación a todos os axentes implicados nela: as universidades, como no caso do Campus do Mar de Vigo ou o Campus Vida de Santiago; os servizos públicos, grazas aos proxectos do Innova-Saúde e do Hospital 2050, que supoñen unha inxección económica de case 100 millóns de euros, grazas ao Plan Abalar na educación ou ao Plan Senda na xustiza; e ao eido privado, con instrumentos ante os que, por certo, os emprendedores teñen amosado unha gran receptividade. Refírome, por exemplo, ao Fondo Tecnolóxico, cun instrumento pioneiro en Galicia dotado de 20 millóns de euros de capital público, ou ás distintas convocatorias do programa Interconecta.

O meu compromiso é continuar este esforzo, e completalo cunha aposta máis intensa no ámbito dos recursos humanos. A día de hoxe, Galicia conta con miles de investigadores establecidos nas nosas universidades, nos nosos centros tecnolóxicos e nas nosas empresas. Neste momento están sostiñas con fondos públicos case 500 prazas de investigadores universitarios, téñense consolidado 110 grupos de investigación e apoíanse máis de 600 proxectos de I+D, tanto novos como procedentes da anterior planificación.

Quero dicirlles que seguiremos cumprindo esa obriga e que o faremos con máis intensidade. O próximo ano imos poñer en marcha un Programa de captación de talento cun dobre obxectivo: reter en Galicia os investigadores galegos mellor formados para facer máis rendible o investimento e atraer investigadores de fóra de Galicia en áreas estratéxicas para o noso desenvolvemento. *(Aplausos.)*

Tamén seguirá habendo unha firme aposta pola internacionalización, conscientes de que é na apertura dos novos mercados onde podemos atopar maiores oportunidades económicas para a nosa terra. Nesa liña, seguiremos axudando o noso tecido empresarial a expandir as súas posibilidades. Completaremos e reordenaremos a Rede de plataformas no exterior para estar presentes nos lugares do mundo con máis posibilidades económicas actualmente e reforzaremos os distintos programas que temos en marcha para facilitar as exportacións, que seguirán sendo prioritarios no marco das axudas públicas da Xunta.

Non en van, ter multiplicado por catro os recursos destinados á internacionalización permitiu incrementar ano a ano as exportacións, así como o interese de importantes investidores en Galicia dispostos a traballar aquí. Témolovisto nos últimos tempos en sectores especialmente importantes para a nosa economía, dende o alimentario, cunha maior presenza da multinacional Nestlé, ata o téxtil, coa ampliación, xa en marcha, das instalacións de Inditex, en Arteixo (A Coruña). Tamén no eido da automoción, PSA Peugeot-Citroën fabricará aquí os seus novos vehículos eléctricos, sen dúbida unha boa nova para os 30.000 traballadores do sector do automóbil en Galicia. É o xeito de que a planta de Vigo poida volver superar a produción de 400.000 vehículos ao ano no próximo ano 2013. E o mesmo ocorre co acordo asinado coa petroleira Pemex. Galicia ten transmitido confianza ás grandes compañías internacionais a través da súa estabilidade e da súa capacidade. Valorémolo porque esa é a razón principal de que se estean cumprindo as expectativas con feitos concretos, con pedidos firmados, con investimentos e con empregos.

Se me permiten o inciso, as expectativas estanse a cumprir en primeiro lugar no sector portuario, e xa se ten materializado a solicitude de Petróleos Mexicanos de instalarse no porto exterior de punta Langosteira para que Galicia sexa a súa base loxística en Europa. As expectativas estanse a cum-

prir no noso sector naval, como quedou de manifesto coa sinatura dos contratos de dous floteis a través da filial de Pemex (PMI), e que supoñen a volta de carga de traballo á ría de Ferrol e á ría de Vigo. Eu confío en que as expectativas se sigan cumprindo, con novas posibilidades para os nosos estaleiros, ao abeiro do proceso de renovación da frota da petroleira mexicana.

Señorías, a confianza de Pemex non foi un golpe de sorte. Detrás está o esforzo e a pericia de todo un sector, e detrás está tamén o compromiso da Xunta de Galicia que cre nas inmensas facultades das súas xentes. Poden ter a certeza de que ese compromiso permanece e de que na próxima legislatura imos reforzar de forma importante a axenda de misións comerciais no estranxeiro, especialmente no mercado latinoamericano. *(Aplausos.)*

Probablemente, señorías, non todas as misións terán os resultados desexados, pero non lles caiba dúbida de que nunca será por non telo tentado. Non vou esperar a que os investidores estranxeiros peten na nosa porta, senón que a miña intención é que chamemos nós para que saiban que en Galicia sabemos moito de moitas cousas, pero sobre todo dunha, de traballar ben.

Así o fixen eu mesmo hai poucas semanas en Brasil, cando puíden acreditar que existe un amplo abano de posibilidades para os sectores portuario e naval. E, neste senso, podo comunicarlles que xa estamos en coordinación con estaleiros públicos e privados de Galicia para unir esforzos e ser máis fortes á hora de presentarlles ofertas aos armadores brasileiros.

Señorías, o control do déficit, a solvencia, o investimento, o apoio aos emprendedores, a innovación e a internacionalización son algúns dos instrumentos máis inmediatos que necesitamos para seguir impulsando, para poder contrarrestar a crise no curto prazo e transitar cara ao crecemento. Pero non son os únicos, a nosa aspiración é que Galicia poida seguir por diante cando toda a eurozona recupere a súa estabilidade de outrora.

Do mesmo xeito que a nosa terra se adiantou na procura de instrumentos para recuperar a súa estabilidade económica, do mesmo xeito que queremos que se siga adiantando agora coa posta en marcha de medidas de crecemento,

tamén temos que adiantarnos no desenvolvemento dunha planificación ordenada do medio e do longo prazo para que nin a solvencia nin a recuperación sexan dous logros puntuais ou efémeros.

Por iso, ademais da procura de solucións para combater a situación na que estamos, convén que na próxima lexislatura sigamos facendo, paralelamente, un esforzo de planificación para ordenar a Galicia que queremos atoparnos despois da crise: unha planificación racional da nosa arquitectura institucional, unha planificación racional do noso territorio e dos nosos sectores produtivos e unha planificación racional que asegure a educación pública, que asegure a sanidade pública e que asegure os servizos sociais públicos.

Noutras palabras, trátase de que os alicerces dos que nos dotemos nos próximos anos non sexan provisionais, senón que teñan a fortaleza suficiente como para construír sobre eles un crecemento sostido ao longo do tempo. Non basta con aliviar algúns dos síntomas máis severos da doenza económica que sofre a nosa terra, temos que evitar que se repitan. *(Aplausos.)*

Con esta convicción quero transmitirllas que un dos meus primeiros compromisos será completar a reforma institucional iniciada na pasada lexislatura, e que seguramente é unha das grandes oportunidades que esta crise puxo ante todos nós.

Fronte ao pensamento xeral de que as administracións tiñan que crecer cada vez máis, xunto coa súa burocracia e mesmo o seu escurantismo, os últimos anos serviron para demostrar que todos os gobernos, sen excepción, poden ser menos voluminosos e ter unha ampla marxe para mellorar o seu funcionamento.

Galicia foi pioneira nese proceso, porque moito antes de que se empezase a facer no resto de España, na nosa terra xa se falaba de xeito cotián de termos como “austeridade”, “disciplina orzamentaria”, “eficiencia” e “cooperación”. Galicia seguirá falando de austeridade, ben entendida; é dicir, de axustar o custo que supoñemos para os cidadáns os seus representantes políticos. Así ocorre na Administración autonómica. E xa lles avanzo que Galicia seguirá sendo a nacionalidade histórica co Goberno máis reducido, que ese Goberno terá aínda menos altos cargos que na anterior lexislatura,

que continuaremos a diminución da estrutura da Xunta –con novas fusións no seo da Administración autonómica–, que consolidaremos a redución do gabinete –xa reducido preto do 40 % na pasada lexislatura– ou que seguiremos superando a materia de reducir o custo da Administración paralela, cunha norma que iguale as condicións laborais dos traballadores dos entes públicos, así como poñeremos en marcha a terceira fase do Plan de racionalización da Administración paralela, que xa nos permitiu reducir a metade dos entes públicos da Xunta e aforrar 25 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Pero, máis aló da Xunta de Galicia, señorías, a miña intención é promover tamén unha maior austeridade noutros tres ámbitos políticos, e por iso gustárame contar co seu apoio porque tamén depende de vostedes.

En primeiro lugar, para ordenar os salarios dos cargos municipais conforme criterios obxectivos e tamén regular de xeito homoxéneo os salarios dos traballadores de concellos e deputacións provinciais. Así, solicitaréi á Fegamp que culmine a táboa salarial na que xa están a traballar, con independencia de que isto se acabe facendo desde o ámbito estatal, tal e como se anunciou.

En segundo lugar, propoñolles analizar conxuntamente unha nova redución das subvencións: de subvencións aos partidos políticos, de subvencións aos sindicatos e de subvencións á patronal.

E, en terceiro lugar, do mesmo xeito píddolles que tamén participen do compromiso avalado polas urnas de reducir o número total de deputados neste Parlamento, para que sexa o menor dentro dos límites que marca o Estatuto de autonomía, sen prexuízo de que tamén poidamos volver revisar o que corresponde.

Unha redución no número de deputados que propuxemos no noso programa electoral e que non tería suposto ningunha variación nin de goberno nin de oposición, nin nas eleccións de 2005 nin nas eleccións de 2009, nin nas recentes eleccións do ano 12. A única variación que se tería producido é a do aforro de recursos públicos, que saen dos impostos dos cidadáns. *(Aplausos.)*

Señorías, Galicia seguirá falando tamén de disciplina orzamentaria, e do mesmo xeito que fomos a primeira comuni-

dade que aprobou a Lei de teito de gasto, seguiremos sendo pioneiros na busca do maior rendemento do diñeiro público.

Con este obxectivo, quero anunciarlles que no ano 13 remi-tiremos a esta Cámara una nova Lei de réxime financeiro que introducirá na Administración autonómica unha nova forma de presupostar, de xeito que tanto na súa concepción como na súa aplicación se reduzan ao máximo as ineficiencias. Cada partida será valorada polos recursos que emprega e avaliada polos resultados que se obteñen en base a máis de 400 indicadores introducidos no Plan estratéxico para a economía aprobado na anterior lexislatura.

Deste xeito, o fin económico ou social deberá xustificar sempre os medios públicos dos que dispón calquera xestor. Este terá máis marxe de manobra para actuar, a través por exemplo dunha maior posibilidade de reordenar os créditos orzamentarios, pero tamén terá unha maior responsabilidade, xa que deberá responder por cada euro investido cun resultado conseguido.

Este aspecto será unha das principais novidades da futura Lei do empregado público, que tamén servirá, por exemplo, para dar maior estabilidade ao persoal laboral fixo que accedeu á Xunta en procesos selectivos dándolle a opción de converterse en funcionarios públicos. *(Aplausos.)*

A miña aspiración pasa, señorías, porque a Administración galega siga falando tamén en termos de eficiencia. Existen decenas de exemplos de avances neste eido. Fixémolo ao eliminar a edición en papel do DOG ou poñer en marcha a sede electrónica. Fixémolo ao integrar nun único número os servizos telefónicos da Xunta de Galicia, cun aforro anual de máis de 1,5 millón de euros. Fixémolo ao poñer en marcha un Plan de aforro enerxético da Xunta, cun aforro anual previsto de 10 millóns de euros.

Fixémolo, pero témolo que seguir facendo, na xestión da Administración xeral, con medidas como a contratación centralizada dos servizos de funcionamento da Xunta: seguridade, limpeza e mantemento. Ou continuando a aposta por simplificar os máis de 1.500 procesos administrativos a través das novas tecnoloxías para reducir os tempos de resposta. Por poñerlles un exemplo, implantarase un sistema electrónico de presentación de avais ás empresas que queiran concorrer aos procesos de licitación.

Pero tamén no funcionamento dos servizos públicos, porque lonxe de resignarnos ao histórico desequilibrio presupostario no que se teñen movido as áreas como a sanidade pública e que temos ido corrixindo, pensamos que hai unha marxe de mellora. Así, por exemplo, imos poñer en marcha a plataforma loxística para centralizar nun único punto a distribución da maior parte do material sanitario. Na mesma liña, apostaremos pola especialización de servizos para dar unha mellor resposta e unha maior calidade. Consolidaremos o acceso á receita electrónica e á historia clínica electrónica. Ou continuaremos apostando pola diminución racional do gasto farmacéutico, que na pasada lexislatura supuxo diminuir a factura farmacéutica mes a mes, ata situalo a niveis de 2007. *(Aplausos.)*

Coincidirán comigo en que todas estas medidas de austeridade, de disciplina orzamentaria e de eficiencia forman parte dun camiño que deberiamos ter iniciado hai moito tempo e non obrigados pola crise, pero en todo caso supoñen pasos adiante sen retorno.

Cómpre, porén, que no inicio desta nova lexislatura profun-demos nunha vía, nunha vía que tamén abrimos nos últimos anos, aínda que seguramente non coa intensidade axeitada; refírome á vía da cooperación.

Non hai escollos insalvables que nos impidan unificar; non hai escollos insalvables que nos impidan colaborar ou cooperar. Lonxe desa idea, hai exemplos ben recentes e ben relevantes de que os galegos podemos, se queremos, traballar algo máis xuntos. O acordo da Xunta coas deputacións, os primeiros pactos entre concellos para compartir servizos ou mesmo para fusionarse demostran que o noso propio futuro podémolo escribir mancomunadamente.

Preguntémonos por que non o facemos entón con carácter xeral. ¿Por que a simple idea de especializar os campus universitarios levanta suspicacias? ¿Por que se ten frustrado calquera intento de incrementar a coordinación aeroportuaria? ¿De que nos ten valido local e colectivamente? Ou ¿por que resulta tan difícil levar á práctica a cooperación municipal, coa que, en teoría, todos estabamos de acordo?

Señorías, sigo convencido de que o minifundismo pode ser un pecado venial en épocas de bonanza económica, pero convértese en mortal nestes tempos de crise. Nun momento

no que os recursos públicos se reducen de forma alarmante, hai un activo que é fundamental para lograr facer máis. Trátase da unidade de esforzos e require a implicación e o compromiso de todos nós. No que a min corresponda, seguirei traballando para que iso sexa posible.

Seguirei traballando para que siga sendo posible a coordinación con vostedes, cos grupos parlamentarios. E que, do mesmo xeito que temos chegado a acordos destacados na pasada lexislatura, poidamos seguir desenvolvéndoos, como a reforma da Lei do Consello Consultivo, para que a maioría dos seus membros sexan elixidos por maioría reforzada neste Parlamento.

A aplicación da tan esperada Lei de medios públicos, que aprobamos a finais do pasado ano, ou os diferentes pactos que lles teño proposto e lles proporei ao final desta intervención.

Seguirei traballando para que siga sendo posible a coordinación cos axentes sociais, e que as principais medidas económicas e sociais que adoptemos sigan contando con achegas dos sindicatos e da patronal.

Sen dúbida, o diálogo social foi frutífero, con máis dunha trintena de acordos, que deben de servir de estímulo para seguir profundando en novos pactos polo emprego e polo benestar nos próximos anos. Se nun dos momentos máis difíciles da nosa historia Galicia logrou máis acordos que nunca no seo do diálogo social, temos que seguir sumando avances.

En terceiro lugar, señorías, seguirei traballando tamén para que siga sendo posible a coordinación co Goberno central, para defender o papel de Galicia con tanta firmeza como colaboración. Firmeza para defender os intereses xerais de Galicia cando creamos que se ven ameazados, como temos demostrado recentemente recorrendo o real decreto que elimina as primas do sector eólico, ou cando se precisa dun maior compromiso por parte do Executivo central, como ocorría historicamente co tren de alta velocidade ata que volveu aparecer no boletín oficial este tren.

Pero tamén colaboración, colaboración co Estado para que Galicia sexa parte da solución de España coas súas medidas, coas súas achegas, e non parte dos problemas por decisións

equivocadas. Porque o noso modo de reivindicarnos non é desde a estridencia senón desde o exemplo.

E, señorías, seguirei traballando tamén para que siga sendo posible, e con máis intensidade, a coordinación da Xunta cos municipios e a coordinación entre os propios municipios.

Neste senso, daremos continuidade ao proceso de diálogo que ten presidido a nosa relación cos concellos, tanto para avanzar no cumprimento do pacto local como para que as normas que afecten aos municipios contén cos municipios. Así o fixemos en eidos tan importantes como o urbanismo, as novas tecnoloxías, o hábitat ou o financiamento.

Pero, ademais, desde as miñas responsabilidades seguirei impulsando a cooperación entre concellos para compartir servizos, ben sexa a través dunha fusión pola vía dos feitos ou ben a través dunha fusión formal e completa, que contará co noso respaldo se é por acordo dos municipios, como así ocorreu no caso de Oza e Cesuras. *(Aplausos.)*

Señorías, a mellor maneira posible de abaratar custos é mellorar os propios servizos que prestamos aos cidadáns e crear sinerxías, e por iso sigo convencido de que o maior entendemento entre os pequenos municipios é o axeitado, pero tamén é a mellor maneira de ter un territorio mellor dimensionado e máis acorde coa realidade da Unión Europea. E, por iso, convido tamén as grandes cidades, convido as grandes cidades a involucrarse neste proceso cos seus concellos limítrofes e que se consoliden como grandes núcleos de poboación europeos. *(Aplausos.)*

Señorías, perseverar nos erros que nos limitan á hora de afrontar situacións tan difíciles como a que vivimos sería unha irresponsabilidade que eu, polo menos, intentarei que non cometamos.

Non podemos conformarnos con detectar as ameazas que condicionan a nosa competitividade, senón que debemos actuar contra elas para avanzar. Téñolles comentado xa algunhas e penso que o Goberno galego actuou en moitos eidos relevantes nos últimos anos, que logramos encamiñar e nos que debemos seguir profundando.

Refírome, por exemplo, á ordenación do territorio, que conta xa con dous instrumentos históricos que conforman as

Directrices de ordenación do territorio e o primeiro Plan do litoral, e aos que seguirán nesta lexislatura unha nova Lei do solo, con vocación de consenso e permanencia, e un novo impulso aos plans de ordenación municipal, despois de que na pasada lexislatura pasamos do 37 % ao 64 % de poboación que conta cun plan xeral de ordenación municipal actualizado.

Refirome á redución das diferenzas entre as provincias do litoral ou as do interior, cos plans de discriminación positiva, así como co Plan do solo empresarial, que triplicará os metros cadrados de superficie industrial en Galicia e seguirá facilitando o pagamento das parcelas.

Refirome á modernización hidráulica para completar a rede de saneamento e abastecemento, con investimentos especialmente importantes en Ferrol, Vigo, Ribeira ou en Santiago e Ourense.

Refirome a unha mellor mobilidade, non só co impulso ás infraestruturas viarias pendentes, senón tamén ao desbloqueo do Plan de transporte metropolitano en Lugo, A Coruña, Ferrol e Santiago, e ao que espero dar continuidade na próxima lexislatura no resto das cidades.

Refirome ao peche da fenda tecnolóxica, un asunto que seguiremos priorizando para que no próximo ano 13 completemos a aplicación do Plan de banda larga para que o 100 % dos galegos teña acceso á internet, así como para continuar a tramitación da Lei de telecomunicacións.

Ou refirome, por exemplo, ao Plan demográfico, que ten sido obxecto dunha Ponencia nesta Cámara, pero que debemos seguir ampliando nesta lexislatura para tratar de paliar a caída da poboación que sufrimos década tras década.

Cómpre, señorías, que deamos continuidade a todos estes instrumentos de planificación, pero tamén que actuemos de forma inmediata nun eido no que afrontamos problemas puntuais, pero no que debemos actuar tamén de xeito estrutural.

Estou a falar dunha verdadeira estratexia no rural, que se obteña a súa confianza lles propoño que sexa un dos aspectos prioritarios na próxima lexislatura. Non podemos resignarnos a ver no rural o noso pasado e propoñolles traballar para que no rural poida estar tamén o noso futuro.

En primeiro lugar, traballar para seguir dignificando o seu esforzo e especialmente o de miles de familias que conforman o sector lácteo. É certo que nos últimos anos demos pasos moi importantes para mellorar as posibilidades das explotacións. No ámbito da Xunta de Galicia melloramos a comercialización cunha marca de calidade de leite galego, apostamos polo relevo xeracional e polo fomento da volta ao rural cun 73 % máis de axudas, ou buscamos a mellora xenética ao reforzar o papel fundamental da Xenética Fontao.

Tamén no ámbito do Goberno central, no último ano se puxeron á disposición do sector lácteo catro ferramentas básicas: a primeira, un contrato homologado obrigatorio; a segunda, un acordo de produción-industria-distribución para evitar empregar o leite como produto reclamo; a terceira, a tramitación da Lei de transparencia da cadea alimentaria e a Lei de apoio á integración de cooperativas; e a cuarta, axudas directas aos produtores de 31 millóns de euros –un 142 % máis que ao principio da lexislatura–. *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna do público.)* Son pasos importantes, pero que precisan...

A señora PRESIDENTA: Perdoe, presidente.

Por favor, por favor, a tribuna do Parlamento non é para facer manifestacións. Escoiten con respecto, se non, terán que ser desaloxados.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Son pasos importantes, pero que precisan... *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna do público.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna do público.)* Por favor... *(Aplausos.)*

Pode continuar, presidente.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Son pasos importantes, pero que precisan da implicación decidida da industria e da distribución cun prezo do leite digno para os nosos gandeiros.

Estamos traballando para que así sexa, imos seguir traballando e non nos tremerá a man para acabar coas prácticas

ilegais e mesmo abusivas da cadea comercial, xa sexa con controis máis estritos ou denunciando ante o Consello Galego da Competencia estas prácticas, porque na Mesa de negociación láctea a Xunta está sentada e seguirá sentada sempre ao lado dos produtores. *(Aplausos.)*

Señorías, o futuro do lácteo galego é un dos aspectos vitais para o rural galego, pero non o único. Nun momento de tanta incidencia do desemprego non podemos permitirmos desaproveitar unha das nosas maiores riquezas, que son os milleiros de hectáreas que están infraempregadas ao longo de toda a xeografía galega.

Neste sentido, quero anunciarlles que levaremos a cabo unha estratexia que completará o pacto polo futuro do rural que lles propoño e que se asentará en catro instrumentos fundamentais:

O primeiro, evitar o abandono e facilitar a volta, cunha lei da agricultura de Galicia, que defina as distintas posibilidades de aproveitamento agrario, incluíndo a agricultura a tempo parcial ou a definición dos dereitos asociados á obriga de manter o patrimonio natural.

En segundo lugar, loitar contra o minifundismo, cunha Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que substitúa a Lei de concentración parcelaria de Galicia para adaptala ás necesidades do século XXI. En adiante, o obxectivo nas zonas nas que se leve a cabo a mellora estrutural agraria non será a redución do número de parcelas soamente, senón tamén ordenar os usos da terra para mellorar, en condicións estruturais, técnicas e económicas, as explotacións galegas.

En terceiro lugar, facer máis rendible a nosa riqueza forestal. Despois de ser aprobada a primeira Lei de montes, botaremos a andar o vindeiro ano un programa de ordenación forestal, vinculado a traballos nos montes galegos e co obxectivo tanto de reducir o impacto dos lumes como de ampliar a base territorial das explotacións agrogandeiras. Todas estas actuacións a realizar en máis de 150 áreas e 4.600 hectáreas de monte de Galicia xerarán de forma directa máis de 38.000 xornais ou, o que é o mesmo, a contratación de 60 cuadrillas durante todo o ano.

E, finalmente, tamén debemos prestar especial atención á gran materia pendente do sector primario galego: o avance

da transformación e na obtención dun valor engadido para os nosos produtos. Para tal fin a Xunta realizará no ano 2013 un estudo de necesidades industriais de Galicia en relación coa produción agropecuaria, que figurarán no Plan de industrialización do rural galego. *(Aplausos.)*

Señorías, en suma, unha planificación estrutural do rural galego que acompañe a planificación que iniciamos noutros sectores estratéxicos da nosa economía durante a pasada lexislatura e á que deberemos dar continuidade.

A planificación para a pesca, que seguiremos desenvolvendo da man do sector, traballando por mellorar a adecuación das cotas de pesca e mesmo acudindo aos xulgados, se é necesario, para derrubar a estabilidade relativa que nos afoga dende hai máis de vinte e cinco anos, cun novo modelo de xestión ordenada dos caladoiros e cun decreto de comercialización.

A planificación para a acuicultura, para seguir creando condicións óptimas que permitan atraer investimentos. Comezaremos a apurar os pasos do marisqueo no necesario camiño cara á súa conversión nunha actividade de acuicultura. Ademais completaremos operativamente o Plan director neste mesmo ano, e imos desenvolver a Estratexia de acuicultura, cunha especial atención á futura Lei da acuicultura.

A planificación, en terceiro lugar, do sector do automóbil, propiciando a fabricación de novos modelos automobilísticos en Galicia, e para que a industria auxiliar abra novas vías de negocio noutros países nos que tamén están radicadas importantes factorías de fabricación.

A planificación, en cuarto lugar, do naval, de xeito que se consoliden os avances que logramos na pasada lexislatura en todas as fronteiras que cuestionaban o futuro do sector.

Que se consolide o novo sistema fiscal do *tax lease*, que Bruxelas xa aprobou definitivamente e que nos próximos meses buscaremos completar cun pronunciamento tamén favorable á cuestión da retroactividade. E que se consolide a carga de traballo dos nosos estaleiros, tanto dos privados, que xa teñen encargos concretos, como do estaleiro público, que por primeira vez en sete anos logramos que volva ter pedidos efectivos sobre a mesa. *(Aplausos.)*

Planificación, señorías, para o sector das enerxías renovables, como fixemos ao poñer en marcha o maior concurso eólico da historia, como fixemos ao incrementar os rendementos do sector para o conxunto de Galicia, a través, por primeira vez, dun canon eólico, que supuxo 70 millóns de euros para as arcas municipais e autonómicas, e como fixemos hai dúas semanas ao recorrer ante o Tribunal Constitucional o real decreto que elimina as primas das enerxías eólicas, especialmente do sector eólico.

A planificación, en sexto lugar, do sector do comercio, que dende a pasada lexislatura conta con máis recursos grazas ao Plan Ágora ou cunha normativa consensuada, a Lei de comercio interior. Nesta mesma liña quero avanzarlles dúas liñas de actuación prioritarias: potenciar as mesas locais de comercio, para que a través delas se fixen obxectivos comúns en materia de horarios, actividades, promoción e mellor oferta comercial, e apostar de forma máis intensa polo comercio electrónico.

Planificación, en sétimo lugar, do sector turístico, unificando de xeito definitivo nun único organismo a Axencia do Turismo de Galicia; e ao corpo normativo elaborado na pasada lexislatura, a Lei do turismo, sumaremos un plan estratéxico de turismo co sector que defina os obxectivos e as prioridades.

E planificación do sector cultural, cun apoio directo á creatividade e aos creadores galegos, e especialmente do audiovisual.

Imos potenciar o Plan de internacionalización do sector audiovisual, que ten dado éxitos nos últimos anos. Seguiremos apostando por protexer o noso patrimonio, priorizando un novo plan de protección de cascos históricos e mantendo a paralización doutros investimentos que deben esperar a unha mellor situación económica, como é o caso dos edificios pendentes da Cidade da Cultura.

E tamén respaldaremos a iniciativa do Consello da Cultura Galega de dignificar o Panteón de Galicia a través dunha lei xurdida do consenso entre os grupos desta Cámara.
(*Aplausos.*)

Señorías, a nosa mellor materia prima é a nosa xente e a nosa maior garantía de futuro son as mozas e os mozos.

Debemos seguir completando as posibilidades da formación profesional. Incrementamos nun 20 % o número de prazas neste sentido, pero quero avanzarlles dúas liñas de actuación prioritarias baseadas na idea da formación profesional dual que se están impulsando a nivel estatal para que a formación funcione de facto como unha política activa de emprego. Así, no ámbito formativo, impulsaremos a Lei galega de formación e cualificación permanente, para coordinar a formación en competencias profesionais ao longo da vida. E na mesma liña, no ámbito administrativo, reordenaremos os fondos dispersos en formación non regradas para colocar os centros de formación profesional como instrumentos xeradores de emprego.

Pero a formación de profesionais cualificados tamén é un reto que debemos seguir afrontando dende as universidades. Seguiremos paliando na medida das nosas posibilidades o impacto da crise no financiamento universitario, como fixemos ao longo de toda a lexislatura; e retomaremos a tramitación da Lei de universidades para impulsar unha oferta de titulacións máis racional e acorde coas demandas sociais e económicas da nosa terra, que afonde na especialización dos campus.

Por último, tamén na ensinanza obrigatoria seguiremos cumprindo co noso propósito de que as próximas xeracións sexan cada vez máis competitivas, e continuaremos a aposta pola introdución nos colexios e institutos de novas tecnoloxías e do inglés, co Plan Abalar, que supuxo que máis de 40.000 rapaces tiveran acceso a un ordenador nas súas aulas, e co Decreto do plurilingüismo, que posibilitou que un de cada catro nenos e nenas galegos puideran recibir ensino público nunha terceira lingua.

Señorías, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de avalar que nesta comunidade bilingüe o ensino sexa en equilibrio entre as dúas linguas oficiais e que se poida dar cabida tamén a un idioma estranxeiro, ratificando o sentir da inmensa maioría de cidadáns que xa non consideran a situación lingüística como un problema, o 99 % segundo a última enquisa do CIS.

Entendemos que o ensino é coñecemento e son valores. Coñecemento é non renunciar a ningunha das nosas linguas. Valores son a liberdade, a corresponsabilidade ou a participación dos pais na educación dos seus fillos. Tamén, por

suposto, o valor ese é respecto á xustiza. Conforme a isto quero dicirlles que seremos coherentes e que actuaremos en consecuencia, coa marxe de manobra que nos outorga a xustiza; e tamén, coa mesma determinación, seremos consecuentes; consecuentes co noso compromiso cos pais e coa liberdade, apoiado maioritariamente nas urnas tanto nas eleccións do 2009 como nas eleccións do 2012. *(Aplausos.)*

Señorías, que un partido ou un goberno sexa ou non sexa social non depende dunha autodeclaración senón da eficacia. Todos somos partidarios do benestar, pero hai que demostralo. *(Murmurios.)* O noso compromiso non é manter os servizos públicos namentres nos manteñamos no Goberno ou para manernos no Goberno, a custa de hipotecar o futuro dos gobernos que han de vir ou, sobre todo –e peor–, o futuro das vindeiras xeracións.

O noso compromiso cos servizos públicos é mantelos e aseguralos máis aló desta lexislatura, e entregalos nas mellores condicións de calidade e viabilidade do tempo ao finalizar a lexislatura. Hai que demostralo porque ninguén que di querer algo o leva ou o deixa na ruína. E hai que demostralo asegurando o seu mantemento e a súa permanencia no futuro con decisións. Cando tomamos decisións como a compra centralizada de medicamentos, como aumentar o rendemento cirúrxico na xornada de mañá nos hospitais públicos, como ordenar as listas segundo a patoloxía e a gravidade dos pacientes ou como apostar polos xenéricos, estámolo a demostrar, porque significa non gastar en procesos o que podemos gastar, por exemplo, en novas vacinas financiadas por primeira vez con recursos públicos, como o neumococo para os rapaces, non gastar en multinacionais farmacéuticas o que podemos investir en novos hospitais públicos e en centros de saúde e tecnoloxía ou en poder reducir a espera media nos casos máis graves e máis urxentes.

Cando pedimos esforzos aos profesores homologando as súas horas lectivas ás do resto do Estado ou axudamos á adquisición dos libros de texto con criterios de renda, estámolo a demostrar, porque isto significa ser unha das tres comunidades autónomas con máis profesores por alumno, máis rapaces con acceso a comedor escolar –10.800–, máis prazas de garderías –máis de 2.000 novas–, a posibilidade de máis bolsas na universidade ou de taxas universitarias máis baratas de España. Ou cando pedimos un maior esforzo a aqueles que teñen un posto de traballo, como ocorreu cos

empregados públicos, hai 2.700 maiores máis que teñen unha praza pública en residencia, en centro de día ou en centro de *alzheimer*; ou 600 persoas con discapacidade poden acceder a unha nova praza pública; ou podemos subir as axudas da risga aos que máis o precisan. *(Aplausos.)*

Todos estes datos, señorías, acreditan que as decisións, por complexas que poidan resultar, teñen unha razón de ser e un fin que é social, e por ese camiño crearemos outras 6.000 novas prazas públicas máis de servizos sociais na próxima lexislatura, como fixemos na lexislatura que acaba de rematar.

Seguiremos apoiando os que máis están sufrindo os efectos da crise, como temos visto recentemente co drama dos desafiuzamentos. *(Aplausos.)*

Neste senso, ademais, señorías, neste senso dos desafiuzamentos, ademais das decisións adoptadas a nivel nacional e ademais das medidas de apoio que xa prevé a Lei de vivenda, quero informarlles de que poñemos en marcha unha medida adicional e inmediata consistente en poñer á disposición dos afectados, priorizando segundo a súa situación económica e as súas cargas familiares, o parque de vivendas de promoción oficial que está baleiro ou sen adjudicar na comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

E seguiremos defendendo a sanidade pública. *(Aplausos.)* Seguiremos defendendo a sanidade pública con máis tecnoloxía, con mellores infraestruturas e con máis prestacións. Máis tecnoloxía porque somos conscientes de que é unha gran aliada para facer máis sostible o sistema sanitario. Neste senso completaremos os programas Innova Saúde e Hospital 2050, especialmente investindo en Ourense, con case cen millóns de euros. Con máis infraestruturas, como demostramos na pasada lexislatura. Ampliaremos o hospital público de Ourense, o da Mariña lucense e o do Salnés como estamos ampliando o hospital da Coruña. Remataremos o hospital público de Vigo como rematamos o hospital público de Lugo. Construiremos o de Pontevedra como estamos a construír o de Vigo. E faremos os centros de saúde –17– que necesitamos como fixemos 19 na pasada lexislatura ou reformamos 10. E tamén máis prestacións na Lei de garantías de prestacións sanitarias, cuxo informe previo xa foi aprobado polo Consello da Xunta. É unha lei que dá garantía de que os pacientes sexan atendidos no prazo máximo en fun-

ción da súa gravidade. Unha lei que amplía o dereito á libre elección, de xeito que haberá tamén liberdade de elección a pediatra, enfermeira, así como a centro hospitalario. Unha lei que mellora a garantía do dereito á segunda opinión e unha lei que mellora o dereito a manifestacións de instrucións previas, incorporando un novo procedemento aos xa existentes.

É dicir: máis sanidade pública, menos espera, máis liberdade de elección, máis facilidades para unha segunda opinión e máis posibilidades para que os pacientes poidan expresar de forma anticipada como queren ser atendidos cando non poidan expresalo persoalmente. Catro compromisos coa calidade da sanidade pública inéditos nos vinte anos do Servizo Galego de Saúde. Será unha das primeiras leis que aprobaremos neste Parlamento e a carta de presentación do noso compromiso social ao longo desta lexislatura, un compromiso de decisións e de feitos. *(Aplausos.)*

Señorías, vivimos nun tempo en que os mellores desexos ou as simples ideas non son suficientes. Aqueles que asumimos dende o poder executivo ou dende o lexislativo responsabilidades públicas temos a obriga de falar con feitos e con realidades, o contrario é sementar a frustración. Estou convencido de que non hai nesta Cámara ninguén que queira levar o noso pobo polo camiño da desesperanza. Converteuse nun afortunado lugar común en moitos discursos parlamentarios a idea de que o Parlamento ten que traducir o sentimento da sociedade. Non podo estar máis de acordo. Se a representación parlamentaria perde o seu papel de caixa de resonancia, faise inminente a ameaza dun divorcio entre a comunidade e os seus representantes. Por iso é fundamental mirar ao noso redor e dicir cal é a Galicia que vemos.

Vemos unha Galicia que comparte unha máxima preocupación, que é o desemprego. Especialmente naquelas persoas que o sofren con maior intensidade, como son os mozos e as mozas. Pero tamén vemos unha Galicia que está enfrontando responsablemente as dificultades do momento presente. A inmensa maioría dos nosos compatriotas protagonizan historias de superación persoal que poucos coñecen, pero que xuntas configuran o presente do noso país. Temos a sorte de contar co seu exemplo, non precisamos recorrer a modelos alleos. Somos o que somos porque houbo mulleres e homes que nunca se renderon.

Vemos unha Galicia consciente de que o seu potencial lle permite aspirar a niveis de progreso e benestar, e que por tanto busca recuperar a senda do crecemento. Pero tamén vemos unha Galicia plural, non rota; unha poboación preocupada, non crispada, e unha sociedade consciente dos problemas, non resignada. Fóra desta sede parlamentaria unha gran maioría de galegos traballan xuntos, malia discrepar das súas ideas. Son galegos que se apoian mutuamente nas empresas, nos centros de traballo, nos labores sociais, no lecer. Fan seu ese principio que di que ser un país non consiste en vivir xuntos, senón en facer cousas xuntos. Somos un país, señorías, porque somos quen de facer cousas xuntas, porque vemos na nosa terra unha tarefa que require un esforzo de todos. Propóñolles que traslademos esa Galicia real ao Parlamento e que fagamos aquí o que os galegos fan decote: entenderse. Entendernos para defender os intereses da nosa terra na negociación dos fondos europeos. Entendernos para seguir garantindo a posición de Galicia no mapa financeiro. Entendernos para chegar a unha proposta de país para un novo sistema de financiamento efectivo para Galicia. Entendernos para incentivar o crecemento dende os orzamentos do próximo ano 2013. Entendernos para alcanzar un pacto polo futuro do rural no que o sector lácteo e o forestal sexan as prioridades. Entendernos para rematar a planificación do territorio cunha normativa do solo consensuada. Entendernos para ordenar o futuro mapa municipal. Entendernos para seguir blindando os servizos públicos.

Señorías, vemos unha Galicia que precisa de unidade para resolver os seus problemas do presente, pero tamén vemos unha Galicia capaz de facelo se nolo propoñemos. Ao igual que os nosos devanceiros se comprometeron conxuntamente no pasado polo renacer da nosa terra, agora témolo que facer nós para que poidamos rexurdir, garantindo o progreso e o benestar da nosa xente. Entre todos, entre os galegos de antano e os de hoxe, démoslle ao galeguismo o seu verdadeiro significado. Galeguista é aquel que se alía cos seus contemporáneos para facer posibles as ilusións comúns e mirar xuntos adiante.

Dixenlles que somos a suma de xeracións de galegos que cumpren a diario co seu deber. Non podemos recoñecelos un por un, pero si debemos seguir o seu exemplo sendo unha fiel representación da Galicia que nunca se rende. Esa Galicia do século XXI é unha acollidora casa común na que hai sitio para todos. O meu Goberno, se acado a maioría desta

Cámara, será un garante diso, e desexo que este Parlamento sexa tamén un espello no que Galicia se mire, no que Galicia se recoñeza e no que Galicia se admire.

Din que o peor xa pasou. Din tamén que o mellor está por chegar. Eu digo convencido que Galicia avanzará, que Galicia crecerá e que Galicia rexurdirá. Galicia, Galicia, Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Moitas grazas, señor candidato.

A intervención dos grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 136.3^a do Regulamento, será o día 29 de novembro de 2012 ás once e trinta horas.

Suspendemos ata entón a sesión.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás once e oito minutos da mañá.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Rodríguez, Raquel	(PP)
4.- Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)
5.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
6.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
7.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
8.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
9.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
10.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
11.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
12.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
13.- Castro Domínguez, María Nava	(PP)
14.- Cores Tourís, José Manuel	(PP)
15.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
16.- Do Campo Piñeiro, Belén María	(PP)
17.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
18.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
19.- Faraldo Botana, María Dolores	(PP)
20.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
21.- Fernández Calviño, David	(AGE)
22.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
23.- Freire Abeijón, José Santiago	(PP)
24.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
25.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
26.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
27.- García Pacín, María Isabel	(PP)
28.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
29.- Guerra Fernández, Javier Jorge	(PP)
30.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
31.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
32.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
33.- López Abella, María Susana	(PP)
34.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
35.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
36.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
37.- Mato Otero, Beatriz	(PP)
38.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
39.- Mouriño Villar, Antonio	(PP)
40.- Muñoz Fonteriz, Elena	(PP)
41.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
42.- Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(PP)
43.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
44.- Pardo López, María del Carmen	(PP)
45.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
46.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
47.- Pérez López, Alvaro	(PP)
48.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
49.- Pontón Mondélo, Ana Belén	(BNG)
50.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
51.- Prado del Río, Paula	(PP)
52.- Prado Patiño, Jesús Miguel	(PP)
53.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
54.- Quintana Carballo, Rosa María	(PP)
55.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
56.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57.- Rodríguez González, Román	(PP)
58.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
59.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
60.- Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
61.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
62.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
63.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
64.- Sánchez García, Antón	(AGE)
65.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
66.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
67.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
68.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
69.- Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25